

# ANDREA MÍA GHEZ

Andrea Mía Ghez nace en Nova Iork en 1965. Nun primeiro momento pensa en estudar Artes, concretamente, baile, mais o exemplo da súa profesora de Química xunto coa chegada do Apolo á Lúa actúan como catalizadores para descubrir a súa paixón pola Astronomía, recibindo o apoio da súa familia.

A pesares de que lle apaixoan a Física e a Química, nun primeiro momento decántase por estudar Matemáticas; pero acaba por cambiarse á carreira de Física, licenciándose en 1987 e doutorándose cinco anos despois.

Nas súas investigacións Andrea Ghez utiliza técnicas de imaxe especial de alta resolución, como a óptica adaptativa. Recopilou e estudou imaxes capturadas polos telescopios Keck relacionadas con *Sagitario A\**, demostrando a presenza dun buraco negro supermasivo no centro da Vía Láctea. Para probalo, investigou a rexión afectada utilizando coñecementos relacionados coa cinemática das estrelas.

Este achado foi merecedor do Premio Nobel de Física, galardón que recibiu no ano 2020 polo descubrimento dun obxecto compacto supermasivo no centro da nosa galaxia.

Na actualidade Andrea Ghez é profesora no Departamento de Física e Astronomía na Universidade de California en Los Ángeles (UCLA). O seu soño é inspirar a outras mozas no campo da ciencia.

Antía Martínez Lago

4º ESO B